APROBACION DE PREZOS PÚBLICOS E NORMAS DE ADMISIÓN PARA O SERVIZO RIBEIRA CONCILIA NADAL 2026

O programa de conciliación celébrase dende hai anos como unha programación estable adquirindo grande demanda e satisfacción cidadá. Nesta ocasión, é de interese da área de Servizos Sociais impulsar as actividades de conciliación durante as vacacións do Nadal 2026, coincidindo coas datas das vacacións escolares, de luns a venres –excepto festivos- de 09 a 14 h e destinados a nenos e nenas de 3 anos (escolarizados) a 12 anos co obxectivo de que os máis novos pasen unhas vacacións de ocio e divertimento, nun espazo seguro con profesionais ao seu coidado.

Esta actuación xustifícase na necesidade de ofrecer recursos de conciliación ás familias, facilitando a compatibilidade da vida laboral, persoal e familiar, ao tempo que se garante un espazo seguro, educativo e inclusivo para a infancia durante os períodos non lectivos e fóra do horario escolar. Así mesmo, contribúe ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas mediante actividades que fomentan valores como a igualdade, a convivencia, a participación e os hábitos de vida saudables.

E polo tanto establécense os seguintes prezos e modalidades de matrícula pola asistencia a ditas actividades:

I. DESCRICION DO SERVIZO E TEMPORALIDADE:

RIBEIRA CONCILIA – Nadal 2026:

O servizo desenvolverase durante as vacacións escolares de decembro e xaneiro, de luns a venres, excepto festivos.
Horario:de 9.00 a 14.00 horas, cos seguintes tramos adicionais:
De 7.45 a 9.00: servizo de coidados (Madrugadores).
De 14.00 a 16.00: servizo de comedor e coidados.
Ambos servizos estarán dispoñibles para as familias que os soliciten e contarán con 1 monitor/a.
O menú ou alimentos dos menores serán por conta das familias mentras que a empresa terá que ofertar o servizo de catering.
As actividades desenvolveranse do 22 de decembro de 2026 ata o 7 de xaneiro de 2027.
Número de prazas: 50

II. PREZOS:

PREZOS DA ACTIVIDADE RIBEIRA CONCILIA	
RIBEIRA CONCILIA – Nadal 2026	40€

III. LUGARES:

Instalacións do Conservatorio Municipal de Música: aulas.
Instalacións do CEIP O GRUPO: comedor, pavillón deportivo e patio exterior.
A coordinar dende o departamento de Servizos Sociais do Concello de Ribeira.

IV. BONIFICACIONS:

Ademais, interesados en contribuír na diminución do esforzo que pode representar para familias incluídas dentro dos colectivos vulnerables, para facilitar a participación nestas actividades con prezo público deste programa, **proponse a aplicación dun desconto do 20% sobre o importe de matrícula aos fillos/as das familias que reúnan algunha das seguintes condicións ou circunstancias, e así o acrediten previamente mediante a aportación dos documentos pertinentes (non serán acumulativos no caso de darse máis dunha circunstancia):**

- Familias que teñan o TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA.
- Familias acolledoras ou monoparentais que o acrediten documentalmente co certificado oficial.
- Familias con dous ou máis inscritos/as nesta actividade: o desconto aplicaríase na matrícula do segundo fillo/a e sucesivos.
- Familias nas que, ao menos, un dos seus membros sexa desempregado/a de longa duración (que teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 365 días se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos de idade, debendo presentar vida laboral e/ou certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego).
- Familias nas que o propio participante acredite unha discapacidade de ao menos o 33% (acreditando tal condición co certificado de discapacidade).

Na mesma liña proponse a reserva do 10% das prazas das respectivas actividades (bonificación 100% taxas) para unidades familiares derivadas dende a área dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Ribeira a través dun informe ou relación detallada elaborada polos profesionais do departamento.